

ANUNCIO

Proceso selectivo para a elaboración dunha lista de agarda de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos do Concello de Santiago de Compostela.

A comisión de selección do procedemento selectivo indicado, en data 1 de agosto de 2022,
ACORDOU:

1º. Resolver as alegacións formuladas polos aspirantes no senso que se indica:

- a) Inés Mera Rico (nº de rexistro 2022033181, do 16/06/2022): alega que non se lle valoraron os seguintes méritos:
- Servizos prestados no Concello de Fene como enxeñeira de camiños, canles e portos, que acreditou cun certificado de vida laboral.
 - Cursos relacionados coa actividade a desenvolver que, segundo sinala, corresponderían a máis de 1.000 horas de formación.
 - Titulación superior: o título de doutora só se lle valorou con 2 puntos, cando deberían corresponderlle 4 puntos.
 - Coñecemento da lingua galega: o certificado de superación do curso de linguaxe administrativa galega debería valorarse, segundo o baremo, con 1 punto e non con 0,75.

As alegacións formuladas **desestímanse integramente** polos seguintes motivos:

- Servizos prestados: o certificado de vida laboral, se ben acredita a existencia dunha relación laboral co Concello de Fene, así como a duración desta, non dá información ningunha sobre o posto de traballo desempeñado polo que, en consecuencia, non é posible avaliar esa experiencia ao carecer dun dos elementos de xuízo básicos para iso.
- Cursos: o artigo 10.2 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, polo que se rexe o proceso selectivo, dispón que se avaliarán os “*cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola Administración Pública ou homologados*”. É dicir, a avaliación dos cursos require que estes reúnan dúas características cumulativamente: 1) que o seu obxecto estea relacionado coa actividade a desenvolver e; 2) que fosen impartidos pola Administración Pública ou homologados por esta.

O feito de que parte dos cursos achegados pola aspirante que non foran valorados responde ao incumprimento desas circunstancias: ben foron impartidos por entidades que

non teñen a consideración legal de Administración Pública (p.e. sindicatos, entidades privadas), ben non están relacionados co cometido funcional do posto (p.e. linguaxe administrativa galega).

Outras accións formativas non foron avaliadas ao non acreditarse que fosen completadas (p.e. Máster en enxeñería da auga).

- Titulación superior: o artigo 10.3 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, polo que se rexe o proceso selectivo, dispón que o título de doutor se avalía con 2,00 puntos.

- Coñecemento da lingua galega: o artigo 10.4 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, polo que se rexe o proceso selectivo, dispón que a titulación de grao de perfeccionamento do idioma galego, que é o acreditado pola aspirante, se avaliará con 0,75 puntos.

- b) María Carmen Beneyto González Baylin (nº de rexistro 2022033186, do 16/06/2022): solicita que sexan tidos en conta os méritos cuxa documentación acreditativa achega.

A alegación formulada **desestímase integramente** polos seguintes motivos:

Na fase de concurso dos procedementos selectivos unicamente poden avaliarse os méritos que o aspirante acredítase durante o prazo fixado para a súa presentación. A aspirante, coa súa solicitude de participación no procedemento selectivo unicamente achegou un currículo no que mencionaba a posesión de determinados méritos mais non presentou a documentación acreditativa deses méritos alegados.

- c) Enrique Sánchez- Arévalo Cortés (nº de rexistro 2022033645, do 20/06/2022): alega que non se lle valoraron, ou foron puntuados incorrectamente, os seguintes cursos: Curso de gestión integral del ciclo del agua, Seminario de Ingeniería Sísmica, II Foro Global de Ingeniería y Obra Pública, “Bridge Engineering”, “Advanced Coastal Engineering” e “Advanced Studies for Civil Engineering”.

As alegacións formuladas **desestímase integramente** polos seguintes motivos:

O artigo 10.2 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela, polo que se rexe o proceso selectivo, dispón que se avaliarán os “*cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola Administración Pública ou homologados*”. É dicir, a avaliación dos cursos require que estes reúnan dúas características cumulativamente: 1) que o seu obxecto estea relacionado coa actividade a desenvolver e; 2) que fosen impartidos pola Administración Pública ou homologados por esta.

A accións formativa “Curso de gestión integral del ciclo del agua” non foi impartida por unha Administración Pública, posto que non teñen tal condición nin a empresa pública Canal de Isabel II nin o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Madrid, e tampouco consta que ese curso fose homologado por unha Administración Pública.

Así mesmo, a expresión “cursos” implica que ha de tratarse de accións formativas específicas e autónomas, non inseridas ou integrantes de actividades ou programas formativos. O contrario podería dar lugar a paradoxos como que o curso no que se

integran aquela formación tivese menos valor que o conxunto dos cursos avaliados separadamente.

Neste senso, os cursos “Bridge Engineering”, “Advanced Coastal Engineering” e “Advanced Studies for Civil Engineering” correspóndense con formación incluída na formación académica de Enxeñería.


Finalmente, os cursos Seminario de Ingeniería Sísmica e II Foro Global de Ingeniería y Obra Pública acreditan unha duración de 30 e 15 horas lectivas, respectivamente, polo que de acordo co artigo 10.2 do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago de Compostela lles corresponde unha puntuación de 0,2 puntos e non os 1,8 e 0,9 puntos que sostén o aspirante.

2º. Aprobar definitivamente a puntuación final e a orde dos aspirantes que superaron o proceso selectivo:

Orde	Aspirantes	TOTAL
1	Lueiro Busto, María (DNI***9786**)	5,40
2	Mera Rico, Inés (DNI***9996 **)	3,30
3	López Alonso, Manuel (DNI***4937**)	2,75
4	Benavides González, Rubén Enrique (DNI***2801**)	1,25
5	Santidrián Yebra Pimental, Marta Sara (DNI***5227**)	1,15
6	Domínguez Vigo, Cristina (DNI***6168**)	0,75
7	Sánchez- Arévalo Cortés, Enrique (DNI***0644**)	0,40
8	Beneyto González- Baylín, María (DNI***2612**)	0,00
9	Fernández Núñez, Laura María (DNI***xxxx**)	0,00

3º. Elevar á concellería delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, para a súa aprobación, a relación dos aspirantes que conformarían a lista de agarda, de acordo coa orde exposta no parágrafo anterior.

Contra este acordo, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante a Concellería Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Local, de cordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario do tribunal



José Manuel González García.